

# MEMORIA ANUAL 2024



# CONTIDO

**01**

Sobre nós

**02**

Servizos  
asistenciais

**03**

Servizos  
complementarios

**04**

Servizos  
terapéuticos

**05**

Adestramento  
físico

**06**

Terapias  
cognitivas

**07**

Terapias  
psicoafectivas

**08**

Terapias  
socializadoras

**09**

Interxeracional

**10**

Anuario de  
actividades

# Un Ano de Logros no Camiño do Benestar

*Desde a Dirección, vemos este ano como un período de grandes avances e compromiso co benestar das persoas. Con cada paso, consolidamos o noso obxectivo de ofrecer atención de calidade, basándonos na innovación, a empatía e o traballo en equipo. Este ano foi unha oportunidade para reafirmar o noso compromiso co coidado integral e a mellora continua. A todos os que forman parte de Lembranzas, grazas polo seu esforzo e dedicación. Xuntos/as, seguimos avanzando.*



# Sobre nós

Cambados e Vilagarcía de Arousa



# A nosa ubicación



## Cambados

986 521 098 / 678 481 719  
Rúa Sanxenxo nº8, 36634 Cambados  
Lunes a viernes de 8.00 a 20.00  
RUEPSS E-5935-C1


---

## Vilagarcía de Arousa

986 189 102 / 604 098 991  
Rúa Concha nº4, 36600 Vilagarcía de  
Arousa  
Lunes a viernes de 8.00 a 20.00  
RUEPSS E-5935-C2



[centrodedia@lembranzas.es](mailto:centrodedia@lembranzas.es)



# A nosa historia



Cambados 2014

Vilagarcía 2019

## En que se basan os nosos centros?

O Centro de Día Lembranzas é unha iniciativa privada con ánimo de lucro de atención diurna que ten como fin promover e manter un adecuado estado de *saúde, benestar e calidade de vida das persoas maiores* con distintos graos de dependencia física ou psíquica, limitacións no desempeño de actividades diarias e persoas independentes.



## Propósito

Establecer un entorno seguro e *adaptado* ás necesidades do envellecemento, no que as persoas maiores poidan levar a cabo os seus proxectos de vida mediante unha *estimulación integral*, sempre acompañados por *profesionais* para previr o deterioro e illamento social, á vez que se favorece a autoestima e a autonomía.

## Evolución

No ano 2024, intensificamos o noso *compromiso coas familias* e usuarios/as, mellorando a *comunicación* e optimizando as nosas intervencións para elevar a *calidade da atención* e os servizos prestados.



# Os nosos valores




## **Empatía:**

Comprendemos e apoiamos a cada usuario/a emocionalmente, facendo que se sintan valorados.




## **Respecto:**

Tratamos a todas as persoas con dignidade, recoñecendo a súa autonomía e historia.



## **Profesionalismo:**

O equipo está composto por profesionais cualificados, comprometidos co coidado e atención de calidade.



## **Confianza:**

Construímos relacións de confianza con usuarios/as e familias, baseadas na transparencia e no respecto.



## **Personalización:**

Ofrecemos solucións flexibles que se axusten á evolución das necesidades de cada usuario/a.



# Equipo profesional interdisciplinar



*Educadora Social*



*Terapeuta Ocupacional*



**Directora**  
*Educadora Social*



**Directora**  
*Psicóloga*



*Animadora Sociocultural*



*Auxiliar de enfermería*



*Técnico en actividades deportivas*



*Integradora Social*



*Técnica de dependencia*



*Técnica de dependencia*



*Técnica de dependencia*




*Auxiliar de enfermería*




*Auxiliar de enfermería*

# Qué nos caracteriza?


A formación continua e constante como unha inversión esencial para mellorar e actualizar as competencias das nosas profesionais.



Formación  
continua online



Congresos,  
xornadas e  
encuentros  
multidisciplinares




# Que ofrecemos?




*Espazo adaptado e  
acolledor*



*Equipo profesional  
cualificado e motivado*



*Estimulación integral e  
atención personalizada*




*Apoio e asistencia ás  
familias*



# As nosas especialidades

- ✓ **Envelhecimento activo**  
Programas que fomenten a autonomía, a estimulación cognitiva e a actividade física para mellorar a calidade de vida.
- ✓ **AVC (isquémico ou hemorráxico)**  
Rehabilitación motora e terapia ocupacional para recuperar funcións e promover a independencia.
- ✓ **E. de Párkison**  
Traballo de mobilidade, equilibrio e comunicación para retardar a progresión dos síntomas.
- ✓ **E. de Alzheimer e outras demencias**  
Estimulación cognitiva, as rutinas estruturadas e o acompañamento emocional para manter as capacidades.
- ✓ **Depresión e ansiedade**  
Abordaxe terapéutica, actividades sociais e apoio emocional para mellorar o benestar e reducir o illamento social.




# Estadística

# 97%



Usuarios/as que requieren **intervención terapéutica** en rehabilitación física, estimulación cognitiva ou acompañamento diario debido a unha patoloxía ou **condición de saúde**.

# 3%



Usuarios/as que acoden para a promoción do **envelhecimento activo**, sen diagnóstico de patoloxía, trastorno ou enfermidade asociada.



# Modelo de atención

✓ **Atención centrada na persoa**

Actividades significativas  
Plan de atención individualizado (PAI)

✓ **Rehabilitación e terapias**

Terapia Ocupacional  
Terapia Cognitiva de distintos tipos

✓ **Asesoramento familiar**

Apoio psicológico  
Información e orientación

✓ **Experiencia no sector**

Adaptación ás necesidades  
Satisfacción relacional



*"Porque disfrutar da vida, non é unha cuestión de idade"*



# Beneficios

## Nivel individual:

- ✓ Mellora a calidade de vida.
- ✓ Potencia a independencia e autonomía persoal.
- ✓ Promove a saúde e prevén a enfermidade.
- ✓ Ralentiza o deterioro cognitivo e/ou físico.
- ✓ Fomenta a interacción e integración social.

## Nivel familiar:

- ✓ Favorece a conciliación persoal, laboral e familiar.
- ✓ Axuda a previr o síndrome de esgotamento do cuidador/a
- ✓ Ofrece apoio emocional e orientación ás familias.
- ✓ Facilita o acceso a recursos e servizos especializados.
- ✓ Incrementa o acompañamento no proceso de envellecemento.




# Metas acadadas no 2024



**1**

Abarcamos unha maior diversidade de perfís e patoloxías en usuarios/as.




**2**

Mellora dos espazos de descanso e relaxación para as persoas usuarias.



**3**

Optimizamos a coordinación de actividades.



**4**

Colaboramos con universidades e centros educativos para formar profesionais no sector.

# Análisis ano 2024

## Fortaleza

A nosa principal fortaleza en 2024 foi a capacidade de adaptarnos ás necesidades cambiantes dos usuarios/as. A experiencia e a confianza das familias permitíronnos consolidarnos como referente na atención á persoa maior, sempre coa mirada posta na mellora continua e na innovación dos nosos servizos.

## Oportunidade

Aproveitamos a oportunidade de contar con usuarios/as menores de 65 anos, o que nos permitiu ampliar os nosos límites de intervención e derribar prexuízos. Ademais, a incorporación de novos profesionais proporcionou novas perspectivas que melloraron o noso enfoque.

## Renovación

Sempre tivemos un enfoque feminista nas nosas prácticas, pero este ano melloramos e reforzamos esa visión, destacando a igualdade de xénero e o empoderamento das usuarias. Sensibilizamos sobre as desigualdades de xénero, creando un ambiente respectuoso onde as mulleres poidan xestionar o seu benestar físico e emocional de maneira autónoma.

## Transformación

A través dunha revisión exhaustiva da nosa metodoloxía de traballo melloramos os procesos internos, optimizamos as intervencións terapéuticas e reforzamos a comunicación coas familias, o que nos permitiu garantir un modelo de atención integral, accesible e de alta calidade, centrado no benestar e dignidade de cada persoa usuaria.

# Servizos asistenciais e complementarios



# Auxiliares de enfermería

Os cuidados son clave no nosos centros de día, garantindo a saúde, seguridade e benestar das persoas usuarias mediante a **prevención** e **atención personalizada**.

✔ **Coidado integral.**


✔ **Prevención.**

✔ **Seguridade.**

✔ **Tranquilidade.**



*"Enriquecemos a vida cuidando con corazón, atención e compromiso."*



# O coidado como parte fundamental

Os servizos asistenciais nun centro de día son clave para o benestar e a autonomía das persoas maiores. Por iso, ofrecemos unha atención integral nun entorno seguro.



Alimentación e  
nutrición

Aseo e hixiene  
persoal



Apoio nas AVD

Control básico  
de saúde



Acompañamento



# Aspecto persoal

Para nós, é fundamental que cada usuario/a se sinta ben consigo mesmo/a, mantendo a súa **autoestima** e **dignidade**, por iso fomentamos o **coidado persoal** e o benestar, axudándoos a seguir atendendo o seu aspecto co servizo de perruquería.



Peinado, cortado e tintura do pelo tanto para homes coma mulleres.



Coidado das uñas.



Sin moverse do centro! Unha vantaxe para os usuarios/as.



# Servizos terapéuticos



# Terapia Ocupacional

Para nós, o **abordaxe terapéutico** é devolver sorrisos, manter historias vivas e axudar a que cada día teña sentido.

✔ **Mellora as habilidades funcionais.**

✔ **Fomenta a autonomía.**

✔ **Promove o envellecemento activo.**

✔ **Actividades significativas.**



*"Damos vida aos días, promovendo o benestar e nutrindo o corpo, a mente e a alma."*



# Terapias xerais

01

## Adestramento das AVD



Capacitación nas AVD con apoio físico, verbal e modelado para potenciar a autonomía.



02

## Psicomotricidade



Promove o autodomínio corporal, as relacións persoais e a coordinación mediante act. manipulativas, lúdicas e populares.



03


## Asesoramento en produtos de apoio



Información sobre produtos de apoio e adaptacións, accesibilidade.




Taller de cocina (AVD)






Taller de autocoidado persoal (AVD)





Compras e manexo de cartos (AVD)





*Exercício das AVD para o mantimento da autonomia*






Taller de xardineria (AVD)

*Actividades lúdicas (Psicomotricidade)*



*Xogos populares (Psicomotricidade)*



*Actividades manipulativas*

*Vitamina D, exercício, risas e passeos diários*



# Adestramento físico



# Actividades deportivas e rehabilitación


Apostamos pola **enerxía**, superación e **benestar**, axudando a que cada movemento conte e cada día sexa máis **activo e saudable**.

- ✓ **Benestar físico e mental.**
- ✓ **Prevención de caídas.**
- ✓ **Redución de estrés e ansiedade.**
- ✓ **Aumento da autoestima.**



*"Traballamos para un corpo forte, unha mente sana e un corazón cheo de enerxía".*





## 01 Xerontoximnasia

- ✓ **Relaxación e benestar** → Reducen a tensión muscular.
- ✓ **Forza muscular** → Melloran estabilidade e resistencia.
- ✓ **Mobilidade articular** → Aumentan o rango de movemento.
- ✓ **Resistencia física** → Mantén o nivel de enerxía.



## 02 Adestramento da marcha

Para favorecer a deambulación autónoma e previr caídas mediante:

- ✓ **Circuitos con materiais variados** → Uso de andadores, muletas, etc.
- ✓ **Área de rehabilitación** → Bicicleta estática, pedalier, paralelas e plataforma con escaleiras/rampa.



*Ximnasia no exterior*



*Movilizaci3ns, rango articular, forza, equilibrio, escaleira de dedos e polea*





### 03 Quiropraxia

O obxectivo é corrixir a postura, aliviar a dor e favorecer a recuperación mediante:

- ✓ **Detección, corrección e prevención de alteracións neuro-músculo-esqueléticas.**



### 04 Ergonomía postural

O obxectivo é corrixir malos hábitos posturais e reducir riscos físicos mediante:

- ✓ **Pautas para evitar esforzos**
- ✓ **Supervisión profesional**
- ✓ **Espellos para autocorrección postural**


# Terapias cognitivas





# Técnicas de dependencia

En Lembranzas, as técnicas de dependencia son clave para fomentar a **autonomía**, previr o **deterioro** e mellorar o **benestar** das persoas usuarias, garantindo maior seguridade e calidade de vida no seu día a día.

- ✓ **Estimulación diaria.**
- ✓ **Acompañamento e apoio.**
- ✓ **Potenciación da independencia.**
- ✓ **Seguridade e benestar.**



*"Coidamos e brindamos apoio, respecto e calidez para unha vida con dignidade"*



01

**Obxectivos**



- Ralentizar o proceso de deterioro cognitivo.
- Activar as capacidades mentais de forma integral.

02

**Organización**



- Programas previamente deseñados por un profesional.
- Duración de entre 45 - 60 minutos.

03

**Intervención**



- Apoio personalizado.
- Exercicios orais e de lectoescritura.
- Adaptación dos exercicios segundo o grado de deterioro cognitivo.





## 01 Orientación á realidade

### Obxectivo:

- ✓ Mantemento da orientación temporal, espacial e persoal.

### Intervención:

- ✓ Repaso diario da data, lectura de prensa, reminiscencias, historias de vida, árbores xenealóxicas e celebracións.



## 02 Memoria


### Obxectivo:

- ✓ Promover e manter a memoria a curto, longo prazo e de traballo.

### Intervención:

- ✓ Preguntas de memoria, exercicios grupais, refráns, xogos individuais e talleres temáticos.

*Dias especiais*



*Act. manipulativas e fichas para traballar a memoria*



## 03 Cálculo

### Obxectivo:

- ✓ Mantemento do cálculo mental e resolución de problemas matemáticos.

### Intervención:

- ✓ Xogos grupais, lectoescritura de números, operacións matemáticas e roleplaying de compra-venda con €.



## 04 Funcions executivas



### Obxectivo:

- ✓ Mellorar a resolución de problemas, secuenciación e planificación.

### Intervención:

- ✓ Exercicios de orde lóxica e planificación de actividades complexas.

*Estimulación individual con fichas e act. manipulativas*





## 05 Praxias

### Obxectivo:

- ✓ Mellorar a coordinación óculo-manual e a funcionalidade bucofonadora.

### Intervención:

- ✓ Onomatopeas, mímica, rompecabezas, grafomotricidade e exercicios bucofonatorios.



## 06 Gnosias

### Obxectivo:


- ✓ Potenciar o recoñecemento de estímulos auditivos, olfativos, gustativos e táctiles.

### Intervención:

- ✓ Xogos grupais, fichas, identificación de sons, olores e sabores, recoñecemento táctil e visual.



*Estimulación integral dos sentidos*



## 07 Atención e concentración

### Obxectivo:

- ✓ Potenciar e manter a atención nunha actividade.

### Intervención:

- ✓ Xogos como bingo, tres en raia, busca de diferenzas, lince, discriminación de elementos, xogo de parellas e pasatempos.





## 08 Linguaxe

### Obxectivo:

- ✓ Fomentar a expresión verbal e non verbal, a denominación de palabras e a categorización.

### Intervención:

- ✓ Taller de lectura, exercicios individuais (sinónimos, antónimos, definicións) e xogos grupais (Tabú, adiviñas, palabras encadeadas, aforcado).



# Terapias psicoafectivas



# Educación e integración social

En Lembranzas, a educación social é esencial para fomentar a **integración**, o **benestar emocional** e as **relacións sociais**, creando un ambiente onde cada persoa se sinta activa, escoitada e valorada.

✔ **Fortalecemento das relacións sociais.**

✔ **Prevención da soidade.**

✔ **Mellora da calidade de vida.**

✔ **Desenvolvemento persoal.**



*"Creamos lazos, impulsamos vidas e transformamos realidades a través da convivencia e do benestar compartido."*



01

### Obxectivos



- Favorecer a evocación de recordos que teñan unha implicación emocional.
- Comprender as distintas emocións e sentimentos.

02


### Organización



- Programas previamente deseñados por un profesional.
- Duración de entre 45 - 60 minutos.

03

### Intervención



- Talleres de benestar e coidado corporal ou da imaxe
- Taller reminiscencia e audiovisual.
- Sesión de grupos de apoio e actividades musicais.





## 01 **Reminiscencia**

### **Obxectivos:**

- ✓ Estimular a memoria e as emocións asociadas aos recordos.
- ✓ Potenciar a memoria autobiográfica e a autoestima.

### **Intervención:**

- ✓ Uso de fotos, vídeos e música da época.
- ✓ Talleres de comunicación e folclore galego



## 02 **Grupo de apoio**




### **Obxectivo:**

- ✓ Mellorar o benestar emocional e o autocoñecemento.

### **Intervención:**

- ✓ Grupos de conversa para compartir vivencias e buscar estratexias de afrontamento.

*Historias de vida*



*E todo o amor que forma a nosa gran familia: Lembranzas*



### 03 Taller musicoafectivo

#### Objetivo:

- ✓ Estimular funciones cognitivas, movilidad e relaciones sociais.

#### Intervención:

- ✓ Sesións grupais de canto e baile con música significativa.



### 04 Taller audiovisual

#### Objetivo:

- ✓ Mellorar as relacións, a comunicación e as funciones cognitivas.

#### Intervención:

- ✓ Video fórum con películas e programas para debate e intercambio de anécdotas.

Visitas musicais e concursos



# Máis importancia ás emocións

Este ano, en Lembranzas, priorizamos a **intelixencia emocional** nas actividades terapéuticas, xa que comprendemos que fortalece o **benestar psicolóxico**, mellora a comunicación e enriquece as relacións, claves para a **calidade de vida**.



# Conectamos xeracions

En Lembranzas, creemos que as **relacións interxeracionais** teñen un **impacto positivo** na calidade de vida das persoas maiores, ademais de fomentar unha nova forma de entender e valorar a vida a través do **intercambio de experiencias** e saberes.



- Mellorar a expresión e comunicación.
- Promover as relacións interpersoais.
- Desenvolver habilidades sociais.



- Programas previamente deseñados por un profesional.
- Duración de entre 45 - 60 minutos.



*Encontros que enchen a alma*



*Festa e creación de lazos*



# Terapias socializadoras



# Animadora Sociocultural

Para nós, despertar **ilusións**, fomentar a **convivencia** e encher cada día de **novas experiencias** e fundamental.

✔ **Fomenta a interacción social.**

✔ **Crea espazos de expresión.**

✔ **Estimulación da creatividade.**

✔ **Actividades recreativas.**



*"Animamos, inspiramos e transformamos cada momento en algo especial."*



01

**Obxectivos**



- Mellorar a expresión e comunicación.
- Promover as relacións interpersoais.
- Desenvolver habilidades sociais.

02

**Organización**



- Programas previamente diseñados por un profesional.
- Duración de entre 45 - 60 minutos.

03

**Intervención**



- Xogos grupais.
- Taller de autocoidado.
- Manualidades.





## 01 Ergoterapia

### Objetivos:

- ✓ Aumentar a motivación e autovalía nas tarefas terapéuticas.
- ✓ Potenciar a atención e habilidades manipulativas.

### Intervención:

- ✓ Traballos manuais estacionais.
- ✓ Talleres de pintura.



## 02 Act. grupais de interacción social

### Objetivo:

- ✓ Mellorar o benestar emocional e favorecer o autoconhecimento.

### Intervención:

- ✓ Grupos de conversación para compartir vivencias e buscar estratexias de afrontamento.




*Manualidades para cada estación do ano*



*Festas, saídas, xogos e moitas risas*

*Paseos que enchen de enerxía, merendas no exterior...*





### 03 Taller de TICs

#### Obxectivos:




- ✓ Adquirir destrezas tecnológicas e reducir a brecha dixital.

#### Intervención:

- ✓ Videochamadas, xogos en liña e busca de información para integrar as TIC no día a día.



*Videochamadas, xogos interactivos e videoconsolas*



# Anuario de actividades especiais



12 de xaneiro



### Día do agradecemento

Taller de ambientadores en forma de agasallo para as familias.

20 de xaneiro



### Día Internacional do museo

Visita ao *museo do ferrocarril* de Vilagarcía de Arousa.

20 de xaneiro



### Día Internacional do xornalismo

Visita de *Sandra*, unha periodista experimentada.

12 de febreiro



### Concurso de entroido

Premio aos "máis disfrutons" coa temática Indios e Vaqueiros.

14 de febreiro



### Día de San Valentín

Fomentamos as relacións interpersoais e a amizade mediante unha carta.

20 de febreiro



### Día Internacional do gato

Disfrutamos dunha tarde en compañía de *Tomás*.

8 de marzo



### Día da muller traballadora

Homenaxeamos a todas as mulleres que forman parte de Lembranzas.

14 de marzo



### Día Internacional da gaita

Música e baile para amenizar a tarde da man da Asociación *Volandeira*.

19 de marzo



### Día do pai

Traballamos a expresión de emocións cun agasallo para os fillos/as.

6 de abril



### Asociación Mar de Arousa

Unha tarde chea de tradición e diversión que nos permitiu romper coa rutina.

13 de abril



### Día Internacional do bico

Taller de reminiscencia para recordar os noso primeiros bicos.

15 de abril



### Día do neno e da nena

Colaboramos nun mural coa escola Garabatos promovendo a interxeracionalidade.

18 de abril



### Exposición artística

Disfrutamos da exposición "Nun lugar da Serendipia" de temática: ecoloxía.

22 de abril



### Teatro Caracol

Visitamos o IES Francisco Asorey para deleitarnos coa obra teatral "Buuuu...".

30 de abril



### Festa dos maios

Festexamos a chegada da primavera coa participación no concurso anual en Cambados.

1 de maio



### Día dos maios

O folclore galego chega a Lembranzas Vilagarcía coa elaboración dun maio.

3 de maio



### Coro Virxe da Renda

Actuación do *profesor de canto* da nosa querida Amparo polo seu cumpleanos.

5 de maio



### Día da nai

Taller de elaboración de ramiños de flores para todas as nais de Lembranzas.

6 de maio



### Día Internacional da acordeón

Música con fin terapéutico da mande *Paco e Carlos*. Que ben o pasamos!

15 de abril



### 5º Aniversario (Vilagarcía)

Participan os nenos/as da *Academia Nydia* e as maravillosas *Cantareiras Bulideiras*.

15 de maio



### Día dos bombeir@s forestais

Contamos coa *Brigada de Castrove* para coñecer a labor deste corpo profesional.

18 de maio



### Día das Letras Galegas

Visitamos as *Filipenses* para homenaxear a *Luisa Villalta* e dar un paseo polas instalacións.

20 de maio



### Ruta cultural

Comezamos saídas mensuais para coñecer a historia dos monumentos do Concello.

28 de maio



### Día internacional do xogo

Adicamos o día a xogos de participación social para fomentar o envellecemento saudable.

11 de xuño



### Proxecto BENESTART

Convertímonos en pintores de sorrisos cos nenos/as do CEIP Torre Illa.

13 de xuño



### Ruta Cultural

Continuamos a nosa expedición polo Concello, nesta ocasión tocou coñecer a historia de Cabanillas!

15 de xuño



### 10º Aniversario (Cambados)

Unha festa con familiares e cea incluída, coa participación de *Inquedanza* e *Xironsa*.

20 de xuño



### Visita das Filipenses

Xogos tradicionais, baile, canto e moita diversión grazas aos nenos/as de 3º de primaria.


20 de xuño



### Proxecto Arte e Convivencia

Colaboramos co CEIP Torre Illa e os nenos de Infantil no seu propio museo..

21 de xuño



### Día máis feliz do ano

Durante o ano recopilamos momentos de felicidade nun frasco.

24 de xuño



### San Xoán

Queimamos o malo e sembramos o bo seguindo as tradicións típicas do día.

25 de xuño



### Festival ClásClás 2024

Concerto de música clásica ofrecido polo alumnado do Conservatorio de Vilagarcía.

29 de xuño



### Rondalla Asociación O Castro

Coa súa música lembramos momentos felices e disfrutamos dunha tarde chea de emoción.

7 de xullo



### Día internacional do cacao

Taller de autocoidado con mascarilla caseira de cacao incluída!

14 de xullo



### Día da auxiliar de enfermería

Manifestámonos para reivindicar a importancia do seu rol na sociedade!

15 de xullo



### Eurocopa de fútbol

Apoiamos o deporte español e disfrutamos das vitorias! Campioons oe campioons oe...

17 de xullo



### Día internacional do emoji

Taller de educación emocional empregando os emoticonos típicos.


21 de xullo



### Día do avó e a avoa

Carta personalizada para cada un/unha. Grazas polo voso amor e consellos!

29 de xullo



### A maleta da nosa vida

Viaxe emocional e creativa de todo o que é importante nas nosas vidas.

3 de agosto



### Albariño

Enriquecemos a nosa vida social formando parte das tradicións Cambadesas na festa do Albariño.

6 de agosto



### Día internacional da amizade

Cariñograma con mensaxes emotivas para os seus compañeiros/as.

13 de agosto



### Día da xuventude

Promovemos a interxeracionalidade cunha charla moi enriquecedora.

15 de agosto



### Día do vinilo

Escoitamos os clásicos da música, transportándonos a outras épocas coa calidez do seu son.

16 de agosto



### San Roque

Visitamos a capela de San Roque para honrar as nosas tradicións.

23 de agosto



### Festaclown

Espectacular obra de teatro da man da Asociación con Eles e Zirko Txosko. Que día tan especial!


29 de agosto



### Preboda

Imos de boda! Alex e Nayra quixeron facer participes a todos os maiores cunha cerimonia nupcial.

4 de setembro



### Día da fisioterapia

Charla interactiva da man de Susana, fisioterapeuta en Vilagarcía.

6 de setembro



### Olimpiadas Intercentros

Practicamos a puntería, o equilibrio e compartimos momentos inesquecibles con outros centros.

15 de setembro



### GaliciAME

Colaboramos coa Asociación facendo uns chaveiros a man. *Forza Merchi!*

20 de setembro



### Día internacional da praia

Visitamos as praias máis emblemáticas da zona e conectamos coa natureza.

21 de setembro



### Día internacional do Alzheimer

Revivimos momentos inesquecibles para manter viva a nosa memoria emocional.

1 de outubro



### Día das persoas de idade

Derribamos as barreiras do edadismo. A idade non nos define!


8 de outubro



### Día da Educación Vial

Coñecemos os riscos e as precaucións a ter en conta para fomentar a nosa seguridade.

18 de outubro



### Micro Aberto de poesía

Recital de poesía da man de *Carmen Eva Gondar*. Unha tarde chea de emocións!

22 de outubro



### Día internacional da biblioteca

Charla interactiva da man de *Susana*, fisioterapeuta en Vilagarcía.

24 de outubro



### Sesión de contacontos

Acudimos a *Garabatos* para leer un conto escenificado con marionetas. Unha experiencia para repetir!

30 de outubro



### Festa de Halloween

Recibimos aos nenos/as das Filipenses para celebrar unha festa de disfraces!

1 de novembro



### Samain

Moitos sustos, risas e sobre todo tradición.

4 de novembro



### Día da animación sociocultural

Xogo creado especialmente para traballar a atención, a memoria e a concentración.

6 de novembro



### Día das persoas coidadoras

Tríptico para lembrar a importancia do autocoidado nas persoas coidadoras.

8 de novembro



### Magosto

Comemos castañas, xogamos a xogos populares e disfrutamos de Xironsa grazas ao CEIP Corvillón.

21 de novembro



### Proxecto Arousa en tradición

Cantamos, xogamos ao bingo e intercambiamos pulseiras da amizade co CEIP Torre Illa.

27 de novembro



### Día do mestre

Manuel, mestre de lingua galega comparte con nós unha charla chea de aprendizaxes.

4 de decembro



### Radio Escolar

Pacita é invitada a participar na radio local do CEIP Corvillón para compartir a súa experiencia.

12 de decembro



### Visita ao Belén de Eva

Visitamos a capela de *Santa Margarita* para admirar o seu Belén de Nadal.

17 de decembro



### Festa de Nadal (Cambados)

*Btroula* amenizanos a tarde cunha actuación de baile que nos deixou sen palabras.

18 de decembro



### Festa de Nadal (Vilagarcía)

A *Xaiba* encheu de melodía a tarde e *Inquedanza* deixou nos coa boca aberta grazas á súa enerxía.

19 de decembro



### Ensaio Villancicos

Acudimos ao auditorio a disfrutar dos villancicos dos nenos/as das *Filipenses*.

21 de decembro



### Operación Kilo

Recollida solidaria de alimentos en colaboración co CEIP Torre Illa e moita festa!

26 de decembro



### Adagio Escola de música

Cantamos villancicos xuntos, vibramos coa súa música e compartimos momentos únicos.

30 de decembro



### Belén de Valga

Quedamos fascinados ao ver como representaron tantos momentos importantes deste ano.

31 de decembro



### Fin de ano

Despedimos este gran ano entre campanadas, uvas e chocolate con churros.

# Conclusión

No Centro de Día Lembranzas, 2024 foi un ano de logros importantes. Melloramos os nosos servizos de atención especializada, incorporando novas técnicas de estimulación cognitiva, emocional e física para mellorar a calidade de vida dos usuarios/as e facilitar a conciliación familiar. Tamén melloramos a accesibilidade e seguridade das nosas instalacións, creando un entorno máis cómodo e acolledor para un envellecemento activo. Estamos orgullosos dos avances logrados e continuamos traballando para ofrecer os mellores servizos a todas as persoas que confiaron en nós.

Cada mellora implementada reflicte o noso compromiso coa excelencia e o benestar das persoas que atendemos. Este ano, reforzamos a nosa misión de proporcionar un ambiente seguro, accesible e de calidade para todos os nosos usuarios/as.

Agradecemos profundamente a confianza depositada e o apoio constante das familias e usuarios/as. Seguiremos comprometidos na mellora continua da calidade dos nosos servizos para garantir o benestar e a satisfacción de todos/as.

*"O único modo de facer un gran traballo é amar o que fas"*

2024

  
*Lembranças*